

CRÓNICA DO “GRAN DÍA DO SÓFBOL GALEGO”


Hoxe é Domingo, 22 de Xuño, e o ceo ameaza choiva... son as 9.00 da mañá e xa é hora de ir recollelo material para levar a 11 Caballeros. Apuramos, pois son moitas as cousas que hai que facer... coller cascacos, bates, pelotas, auga, vasos e demais para o xantar... O COCHE VAI A TOPE!!! Chegamos máis tarde do previsto e so encontramos a Chichi, e a Sandra e Vanesa, á xente non lle gusta madrugar. Comeza o traballo... Colocamos as mesas, as sillas, montamos o chiringuito... Comeza a chegala xente!!! As nenas cadetes e algunha infantil non paran de traballar: cargan sillas, levan o material, poñén os precios na tenda, colocan o bar... ASÍ DA GUSTO!!!!

Os pais encargáronse da comida: pan, larpeira, bebida, fruta... Son as 10:20, hai que ir recollela italiana cos seus amigos, pois a nosa é unha festa multicultural! Aínda que de noite será a nosa inimiga (son os cuartos de final da roxa), polo de agora é unha galega máis. Acabamos de montalos campos e os pais comezan a quentar, QUEREN A REBANCHA!!!, pois no “Torneo da Muller deportista” perderon contra as vellas glorias... será un partido moi disputado.

O público comeza a amorearse o redor do campo, pálpanse os nervos, os equipos ultiman a súa preparación... VAI COMENZALO ESPECTÁCULO!!!!

Comezan bateando os Pais coa seguinte alineación:


1. Jose Antonio
2. Gustavo
3. Chichi
4. Rafa
5. Clemente
6. Jose
7. Juan C
8. Manuel
9. Mari
10. Juan
11. Kike



E comezan anotando, con dous paos o exterior, pero pouco durará esta vantaxe, porque as vellas glorias non perderon facultades...

É o turno das mulleres que comezan coa seguinte alineación:

1. Paula
2. Lisi
3. Maricha
4. Elena
5. Laura B
6. Isa
7. Laura P
8. Senda
9. Italiano
10. Italiana
11. Italiana



O partido será moi igualado chegando á última entrada cunha vantaxe dos pais de 3 carreiras. **NON SE PODE PEDIR MÁIS EMOCIÓN!!!!!!!!!!!!!!** A grada ruxe animando ós Pais!!!! Pero as Vellas glorias non se dan por vencidas... Atopámonos na derradeira entrada cunha carreira de desvantaxe para as chicas, corredora en terceira e dous outs...

RESPIRASE TENSIÓN!!!! Que pasará????!!!!!! Ó bate Senda Agra, Chichi intenta un pick off en 3ª que a piques está de ser out, unha foto de Maricha decide a xogada... e entón pasou o que tiña que pasar... Wild pich e Laura P que estaba en 3ª **ANOTAAA!!!** A ledicia desborda o banquillo das Vellas Glorias que rememoran tempos mellores!!!

GAÑARON AS VELLAS GLORIAS POR UNHA CARREIRA!!!

A continuación celébrase o partido entre Os nenos e Pais dos colexios de Cambre (que participaron nas Ligas Escolares), contra as nenas infantís do CB Cambre. Parece que as nenas saíron un tanto durmidas, e a gran motivación do outro equipo inclina o marcador. Estamos achegándonos as dúas da tarde e as tripas comezan a pedir unha paradia... rematamos o partido logo de algo máis dunha hora, cunha clara victoria dos nenos e pais dos colexios de Cambre.

Cada quen sentase onde pode e escolle entre os bocadillos feitos polas cadetes, pois hoxe tocoulles traballar. Chegan os do béisbol que xogaron en acea de ama e súmanse á comida. Comezan as tertulias discutindo as distintas xogadas dos partidos, e coma sempre con pequenos piques que acaban na risa xeral... O tempo acompaña e as nubes fan que o calor non agobie... **QUE BEN SE ESTÁ!!!** Comenta alguén co bandullo cheo!!!! Logo do xantar ven o mellor, o café e máis a larpeira, agora si que se está

ben!!!! María José, Lurdes, e Elisa fan o café, mentres que as 3 Marías (mamá das xemelas, mamá de Laura, e mamá de Noemí) reparten a larpeira entre os comensais.

Mentres que moitos repousan co café nunha man e a larpeira noutra, os cativos xogan cos guantes, outros batean no túnel, e no outro lado do campo Isa organiza unha “pachanga” de fútbol. Súmanse moitos, Rafa, Sergio, Adrián, as cadetes, Luís, Isa... e todos rematan igual... roxos coma tomates!!!

Stefani anuncia os últimos intres para comprar rifas, pois en breve dará comezo o gran sorteo... A súa irmá Jenifer será a man inocente. Moitos agasallos esperan en riba da mesa... dende packs de chourizo e salchichón, ata unha batera!!! ¿Quén se levará a cea? E ¿Quén se levará un gran regalo?. Stefani atrae a atención de todos cunha soltura co micrófono abraiante... sen dúbida vai para presentadora!!!! Comezámolo sorteo cunha camiseta, despois virán outras moitas camisetas, unha visera, un saquito, un lote de fruta, un lote de fiambre, unha gorra, un peluche, unha botella de licor dos chinos, etc.. A pobre Noelia tócalle a fruta e maila fiambre, a xente non da creto!!! A italiana leva a Camiseta de España Sófbol, que gran recordo para levar ó seu país!!! A Bernardo tócalle a botella de licor, moitos fanse amigos seus para probalo!!! Chichi sae disparado da súa silla o oílo seu número, pero a súa ledicia vai a menos cando ve o premio... UNHA LATA DE KAS!!! Estalla unha risotada xeral... E así, pasou con tódolos premios cedidos por distintos voluntarios que ou ben querían facer limpeza, ou aportar algo gracioso, ou as dúas cousas á vez (Gracias Natalia, Rafa, Paula, Laura...)

Pouco máis podemos contar deste día, so nos falta agradecer os pais que se fixeron cargo das compras (Rafa, María, Manuel, María José, Elisa, Jose), a Kike e Natalia por cargalas sillas, a Chichi, Lourdes, Jose, Mari, Juan, María, Jose Antonio, Maricha, Isa, Paula, por axudar a montar e desmontar, a Cristina e Alba por varrer e deixalo chan a proba do algodón, a tódalas cadetes por traballar todo o día, a moitas infantís que foron e axudaron como unha máis, o clube de fútbol 11 Caballeros e en concreto o seu presidente, a Bernardo e ó concello de Cambre polas instalacións, a megafonía, as mesas, á FEGABESOF por invitarnos a comer, a Carlos polo fiambre... E a tódolos que madrugastes o domingo para vir xogar con nos!!!

VÉMONOS O ANO QUE VEN!!!!!!!!!!!!!!!